



Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Concello de Vilanova de Arousa

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

ANUNCIO

Expediente de contratación: **Licitación do contrato do SUBMINISTRO DUN TRACTOR CON DESBROZADORA.-**

De conformidade co establecido na disposto na cláusula 10.2 do prego de condicións económico administrativas particulares que rexe a licitación, comunícase que a Mesa de Contratación na xuntanza celebrada nesta data acordou efectuar o requirimento que de seguido se transcribe integramente:

*"Na xuntanza celebrada con esta data pola Mesa de Contratación do expediente de contratación do SUBMINISTRO DUN TRACTOR CON DESBROZADORA a este concello, se acordou, en relación coa oferta presentada pola empresa **RAMÓN LOIS S.L.**, efectuar o seguinte requirimento:*

PRIMEIRO.- A documentación do SOBRE A "DOCUMENTACIÓN XERAL" presenta as seguintes deficiencias e/ou omisións:

1º.- Non presenta a instancia debidamente cumprimentada conforme ao modelo que figura como Anexo I do prego de condicións económico administrativas particulares que rexe a licitación.

2º.- A fotocopia do DNI da persoa que asina a oferta non está compulsado. Por outra parte observase que este DNI pertence a D. José Ramón Lois Rodríguez, namentres que a oferta económica está asinada por D. José Ramón Lois Simáns, debendo presentarse o DNI da persoa que efectivamente asine a oferta.

3º.- A copia da escritura de constitución e de apoderamento da entidade mercantil RAMÓN LOIS S.L. non está compulsada.

SEGUNDO.- A documentación do SOBRE «B»: OFERTA ECONÓMICA presenta as seguintes deficiencias:

1º.- Non se xunta a fotocopia compulsada da documentación relativa ao tractor e á desbrozadora detallada no apartado 2 do prego de prescricións técnicas do seguinte xeito:

A) DO TRACTOR:

- 1.- ITV en vigor.
- 2.- Libro manual, documentación formativa.
- 3.- Plan de mantemento e revisións do tractor.
- 4.- Certificación dun taller oficial o de recoñecido prestixio de que o funcionamento e correcto. Este taller deberá ser alleo á persoa que realice a oferta.
- 5.- Acreditación polo ofertante da propiedade do tractor e da desbrozadora.
- 6.- Permiso de circulación.
- 7.- Xustificación de ter satisfeito o Imposto Municipal de Vehículos correspondente ao ano 2017.
- 8.- Certificación de estar ao corrente de pago do Imposto Municipal de Vehículos correspondente aos anos 2012 a 2016 inclusive.
- 9.- Declaración xurada de que tanto se atopa libres de cargas e gravames de todo tipo.
- 10.- Declaración xurada (con nome, NIF e enderezo) de aceptar a garantía por un período mínimo de 12 meses a contar desde a entrega efectiva do tractor. Para o caso de que algunha parte do tractor teña maior garantía se indicaran claramente ditas garantías na oferta. en caso de garantés distintos de distintas partes de conxunto, nome, NIF e dirección de cada



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfños.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

un de eles, especificando as partes garantes de cada un deles, en ámbolos dous casos documento formal dos garantes indicando dita garantía.

B) DA DESBROZADORA:

- 1.- Libro manual, documentación formativa.
- 2.- Plan de mantemento e revisións do tractor.
- 3.- Certificación dun taller oficial o de recoñecido prestixio de que o funcionamento e correcto. Este taller deberá ser alleo á persoa que realice a oferta.
- 4.- Acreditación polo ofertante da propiedade do tractor e da desbrozadora.
- 5.- Declaración xurada de que tanto se atopa libres de cargas e gravames de todo tipo.
- 6.- Declaración xurada (con nome, NIF e enderezo) de aceptar a garantía por un período mínimo de 12 meses a contar desde a entrega efectiva do tractor. Para o caso de que algunha parte da desbrozadora teña maior garantía se indicaran claramente ditas garantías na oferta. en caso de garantes distintos de distintas partes de conxunto, nome, NIF e dirección de cada un de eles, especificando as partes garantes de cada un deles, en ámbolos dous casos documento formal dos garantes indicando dita garantía.

TERCEIRO.- Como consecuencia do anterior e consonte ao disposto na cláusula 10.2 do prego de condicións económico administrativas particulares que rexe a licitación se require á empresa RAMÓN LOIS S.L., para que, no improrrogable prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do seguinte ao da recepción do presente requirimento subsane os erros ou as omisións ante a propia Mesa de Contratación, coa advertencia de que se non o fai se acordará a súa exclusión da licitación.

CUARTO.- A compulsa de todos os documentos requiridos a poderá realizarse no Rexistro Xeral deste concello.

Cada un dos documentos que compoñen a documentación relativa ao tractor e á desbrozadora detallada no apartado segundo do presente requirimento deberá ir precedido dunha folla onde se sinale o número e o nome do documento seguindo a dita nomenclatura. Vilanova de Arousa a 9 de xaneiro de 2018. O PRESIDENTE DA MESA DE CONTRATACIÓN Asdo: JAVIER BOUZADA ROMERO”.



O PRESIDENTE DA MESA DE CONTRATACIÓN

Asdo: JAVIER BOUZADA ROMERO”.